

## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello  
de Meira

### ANUNCIO DE CONSULTA PÚBLICA NO PORTAL WEB DO CONCELLO DE MEIRA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización da pista de pádel do Concello de Meira, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez (10) días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No tocante á aprobación da presente Ordenanza teranse en conta os seguintes aspectos:

**-Problemas que se pretenden solucionar coa Ordenanza:** Outorgar un nivel de suficiencia económica que permita sufragar os gastos do mantemento e funcionamento dunha infraestrutura deportiva.

**-Necesidade e oportunidade da súa aprobación:** A prestación de servizos deportivos polo Concello de Meira é unha das competencias que a administración local presta aos seus veciños. A posta en práctica dunha ordenanza fiscal permite contar cun instrumento xurídico que permita exercer a potestade tributaria por parte do Concello.

**-Obxectivos da norma:** O obxectivo fundamental de contar con esta ordenanza é a cobertura dos custos que se lle ocasionan ao Concello de Meira polo uso de funcionamento da pista de pádel.

**-Posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias:** Non existe mellor alternativa para a posta en práctica dos obxectivos municipais que a de levar a cabo a aprobación desta Ordenanza fiscal xa que o cobro polo uso desta infraestrutura deportiva está suxeito á aplicación dunha taxa polo Concello de Meira.

Meira, 23 de agosto de 2021

O Alcalde

Asdo. Antonio de Dios Álvarez

## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf/Fax.: 982 330 102

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)



Concello  
de Meira